

UNHA VEZ FOI O TREBÓN

Manuel María

Unha vez foi o trebón escribina no ano 1975. No ano 1976 o *Grupo Teatral da Asociación Cultural Auriense* estreouna no Carballiño. No mesmo ano tamén a levou aos escenarios o *Grupo de Teatro do Club Valle-Inclán de Lugo*. Houbo, posteriormente, máis representacións.

Esta peza teatral está adicada ás miñas amigas *Pilar Vázquez Cuesta e Pomba Navarro Vázquez*.

NOTA DO AUTOR:

Esta peza de teatro será representada coa máxima sobriedade e simplicidade posibles.

Os poemas poden ser ditos -non declamados- por unha actriz, por un actor ou por varias actrices e actores. Tamén poden ser cantados ou *salmodiados*. Neste caso cómpre que se vocalicen ben para que o espectador se entere, sen dificultade ningunha, do contido dos versos.

O vestuario será moi sinxelo. O pobo e os irmandiños poden vestir túnicas brancas ou vermellas. Os nobres vestirán túnicas mouras.

No texto desta peza vai citado ao pé da letra un anaco da *Historia de Galicia*, de Vicente Risco, 2ª edición, "Galaxia", Vigo, 1971, pax. 179-80, que se refire ás grandes casas galegas do século XV. Na escena na que *Pedro Padrón* informa ao Concello de *Ferrol* utilízanse anacos dun documento da época, que van citados entre comiñas. As frases que din os labregos na antepenúltima escena, postas nos beizos do Conde de Lemos e de Pardo de Cela, citadas entre comiñas, son históricas.

PRÓLOGO

Foi no século quince. A *primaveira*
floreceu con paixón e con ledicia:
ergueran a *libertá* como bandeira
os rextos *Irmandiños* de Galiza...!

O *bris* voltouse entón máis cantador,
enchéronse os ventos de pureza,
o mesmo sol alumou con máis fulgor,
a terra tivo, incluso, outra beleza.

A esperanza prendera en toda a xente
con vontade de presente e de porvir.
E a vida era un pulo transcendente
con desmedidas tarefas por cumprir.

Foron xeiras tristesiras e belidas.
Foron datas ferozes e fermosas.
Foron *sazós* granadas e cumpridas
con colleitas de bágoas e de rosas.

O mundo semellaba puro e novo:
víase nacer a luz polos *rincós*.
O bo pobo galego -o noso pobo-
obedecía a Roi Xordo e a Lanzós.

Foi tempo de ledicias e de coitas.
Foi tempo de abrir novos camiños.
Foi tempo de revoltas e de loitas,
do furor popular dos *Irmandiños*!

VOZ EN OFF.- Canto ás grandes casas galegas do século XV deixou Vasco da Ponte abundosa, aínda que neboenta, información. Están relatadas, non por títulos ou posesións nas que poden alternar diferentes familias, senón por liñaxes como se estas seguisen preponderando. As principais destas casas eran:

A *Casa de Lemos*, na que enlazaron os Castros, descendentes do Adiantado Fernán Ruiz de Castro, e os Osorios. Eran os señores máis poderosos de Galiza, donos tamén de Ponferrada no Bierzo e outras terras e vilas.

A *Casa de Andrade*, dona das Mariñas, de Betanzos, Pontedeume, Vilalba, etc., con 5.000 vasalos e forza e coitelo sobre 3.000. Dependían dela os Ribadeneiras, os señores de Parga e Saavedra, Diego Sánchez, Pedro Pardo de Cela, Alonso de Lanzós e outros moitos.

A *Casa de Trastámara*, que xuntaba 3.500 homes e tiña forza e coitelo sobre 1.000, recibindo dela estipendio os señores de Taboada e Amarante, Vasco das Seixas, Gonzalo Ozores, Ferrán Arias de Nogueira, etc.,...

A *Casa de Soutomaior*, poderosísima no bispado de Tui, dona de Salvaterra, Camiña, Sobroso, Lantaño, Rianxo, Sobran, etc. Sostiña 70 lanzas e tiña ao seu servizo os señores de Sobroso, os Montenegro, Avalle e Valadares.

A *Casa de Altamira*, con 3.000 vasalos e dependendo dela García Martínez de Barbeira, Xoán de Andeiro, Fernán Álvarez de Carantoña, García Pérez de Costela, Lope de Cádavo, etc.

A *Casa de Sarmiento*, Condes de Ribadavia.

Estes señores andaban en constante pelexa uns con outros e cos bispos. As súas fazañas refíreas da Ponte. A relación é encerellada e difícil de poñer en claro. O certo é que as mortes, incendios, saqueos, prisións, profanacións e tamén burals, escarños e ultraxes eran cousas de acotío, sen que servisem de nada as Bulas de Calixto III, de 4 de maio de 1455, e Paulo II, de 5 de xaneiro de 1466 excomungando os seus autores. A confusión e a guerra duraron deica o remate do século.

Historia de Galicia, de Vicente Risco, páx.
179-180.- 2ª edición. Galaxia. Vigo, 1971.

*Xuntanza dos IRMANDIÑOS en Santiago de Compostela.
Trátase dos representantes das distintas cidades e vilas
galegas.*

DIEGO DE LEMOS.- Irmáns galegos: aquí estamos para acordar, nesta xuntanza memorábel, os puntos básicos nos que imos fundamentar a nosa loita. Sen un programa nada podemos facer. Desde vello temos as nosas varas de xustiza e, nelas, pintada unha seta. O noso lema é ben claro: DEUS FRATESQUE GALECIAE, Deus e os irmáns galegos.

MARTIÑO DE VALADARES.- Soamente queremos ser mandados por nós mesmos!

TODOS.- Aprobado!

FRANCISCO DE HORTAS.- Hai que derrubar todas as fortalezas e castelos. Abaixo os nobres e os seus privilexios! Temos que facer unha Galiza popular e nova. Unha terra ceibe e sen tiranos.

TODOS.- Aprobado!

PEDRO ZOQUEIRO.- Que lle quede prohibido a calquera muller galega, e máis se é muller ou familiar dun irmandiño, dar o peito ou criar os fillos dos señores, baixo pena de morte. Que a todo galego lle quede prohibido axudar os señores baixo pena de morte.

TODOS.- Aprobado!

FROILÁN PÉREZ.- Todos os galegos serán o mesmo. Quero dicir que de aquí para diante todos os galegos teremos os mesmos dereitos e os mesmos deberes. Os homes somos todos uns e non haberá señores nin viláns.

TODOS.- Aprobado!

AFONSO DE CAMBA.- A IRMANDADE espallarase por toda Galiza. Os seus membros directivos han de ser homes cabais, de costumes honrados e nomeados democraticamente polo pobo previa votación.

TODOS.- Aprobado!

MARTIÑO DE VALADARES.- Os tribunais dos IRMANDIÑOS serán populares.

TODOS.- Aprobado!

DIEGO DE LEMOS.- A terra, en adiante, será de quen a traballe.

TODOS.- Aprobado!

FRANCISCO DE HORTAS.- Temos que armarnos para combatermos o inimigo común. Hai que rematar con esa caste de raposos que exercen o roubo e a tiranía e que nos tratan peor que os animais.

TODOS.- Cómpre que nos armemos e que se arme o pobo!

PEDRO DE ZOQUEIRO.- Abaixo os castelos e fortalezas! Teñen que caer todas!

Que non quede unha en pé!

TODOS.- Abaixo os castelos! Morran os señores! Que non quede nin a semente da caste señorial!

FROILÁN PÉREZ.- Acendamos en toda Galiza unha gran fogueira purificadora!

MARTIÑO DE VALADARES.- Rompamos as cadeas!

DIEGO DE LEMOS.- Deus fratesque Galeciae!

TODOS.- Deus fratesque Galeciae!

*Sala dun castelo. Trátase do cuarto adicado á cobranza de
trabucos e contribucións.*

O ALCALDE do castelo estará sentado diante dunha mesa tosca e pesada. Enriba da mesa terá un libro de contas aberto e trebellos de escribir utilizados na época.

ALCALDE.- A ver ti, vello raposo, que e o que queres?

PAULO CURUTELLO.- Eu, señor, quero ir traballar fóra deste señorío. Agora non podo pagar a *facendeira*. Os tempos son moi ruíns e de moita necesidade. Cando cobre a primeira soldada, entón eu... Xa sabe que son de palabra!

ALCALDE.- Ou pagas a *facendeira* ou non saes de aquí. Xa o sabes.

PEDRO CURUTELLO.- É que eu...

ALCALDE.- Non hai que que valla. Abrevia, que teño máis que facer.

PEDRO CURUTELLO.- Si, señor.

(Deixa unhas moedas sobre a mesa. O ALCALDE ponse a contalas e así que remata dálle un papel).

XOHÁN DA BARCIELA.- Veño pagar a goiosa. Este é o seu oitavo fillo.

ALCALDE.- Ao fin non morriches. Outra vez a ver se apareces sen necesidade de che andar mandando recados, que teño máis que facer. Como teña que andar de novo con recadiños haste lembrar de min!

(XOHÁN DA BARCIELA deixa unhas moedas enriba da mesa e o ALCALDE dálle un papeliño).

XOHÁN DA BARCIELA.- Si, señor. Disimule.

ALCALDE *(dirixíndose a outro)*.- E ti, que?

ALONSO DE BUXÁN.- Veño pagar as *calzas* e pedir a benzón do meu señor.

ALCALDE.- Cando casas logo?

ALONSO DE BUXÁN.- Ao remate de mes.

ALCALDE.- Escolliches boa moza, eh?

ALONSO DE BUXÁN.- Se o señor o di...

ALCALDE.- Boa peza es ti. Boa sorte tes que o señor non exerza o *dereito de pernada* ou che durma coa muller a primeira noite. Ben bo é. Había de ser eu!

(O ALCALDE recolle o diñeiro que lle deixa ALONSO DE BUXÁN e escribe algo no libro. ALONSO DE BUXÁN non ergue os ollos do chan e foxe como unha sombra).

DIEGO DA PENELA.- Veño pagar a *mañaría*.

ALCALDE *(remexendo nas follas do libro)*.- Aínda non pagaches a *loitosa* pola morte de teu pai. Non sei como o señor ten tanta paciencia convosco. Se un se descoida unha miguiña xa abusades e procurades quedar co que non é voso.

DIEGO DA PENELA.- Afellas que non puiden. Despois de pagar o enterro do meu vello quedei sen nada. Xúrolle, señor Alcalde...

ALCALDE.- Ben vos coñezo desde hai moitos anos. Coñézovos como se vos parise. Así que non me xures nada. Agora, para herdares, vés moi agudo pagar a *mañaría*.

Coidabas que me ía esquecer de que non tiñas pagado a *loitosa*, non sí? O vello deixouche bos eidos, con muíño e larganzas de monte. Teu pai era un bo vasalo!

DIEGO DA PENELA.- O lugar aínda non tiña queixa. Mais teño que o repartir con meus irmáns. A meu irmán Lois merqueille a parte que lle tocou.

ALCALDE.- E aínda te choras! Así que, ademais da *loitosa* pola morte de teu pai e da *mañaría* por herdares, agora tes que pagar tamén a *enliza* pola parte que lle mercaches a teu irmán.

DIEGO DA PENELA.- A *enliza* tena que pagar meu irmán, que foi o que vendeu. Aquí traio a escritura: óllea.

(Móstralle ao ALCALDE un pergameo que o ALCALDE nin tan sequera olla.)

ALCALDE.- Non te molestes. *(Con sorna)*. Creo na túa palabra. Calquera pilla agora a teu irmán. Tí pagas a *enliza* e logo cóbraslla a teu irmán. E se non che quere pagar, denúncialo.

DIEGO DA PENELA.- Eu non podo! Vou quedar por portas! Xúrolle que non podo!

ALCALDE.- Déixate de comedias! Ou pagas ou quedas sen os eidos. Considera o que che convén. Aí, xa me esquecía: tamén tes que pagar a *movicia*.

DIEGO DA PENELA.- Como a *movicia*?

ALCALDE.- Túa muller non é de Outeiro?

DIEGO DA PENELA.- É, si, señor.

ALCALDE.- E non vive contigo na Penela?

DIEGO DA PENELA.- Vive, si, señor.

ALCALDE.- Pois logo é moi claro que túa muller se mudou de lugar. O que quere dicir que tes que pagar a *movicia*.

DIEGO DA PENELA.- Aí de min! Son perdidíño! Quedo por portas para toda a miña vida! Nunca máis poderei erguer cabeza!

ALCALDE.- Deixa esas prosmeiradas que xa me dá noxo escoitalas. Ou pagas ou quedas sen eidos. Outros están desexándoos. E, por riba, pasarás unha tempada nos sotos do castelo. Entendiches?

DIEGO DA PENELA.- Entendín, si, señor. Ogallá non entendera!

ALCALDE *(nun arrouto de carraxe)*.- Mamalóns! Viláns! Xente ruín e fusquenlla! O señor de abondo aguante ten convosco, caste de raposos, piollosos e famentos. Se vos fíxese pendurar das almeas da torre do castelo pra ser comida dos voitres e dos corvos, os demais que son coma vós aprenderían de vez.

Dicídelle aos vossos veciños que antes dunha semana quero ollalos aquí a pagar o *fonsado*, o *conducho*, a *fogaza*, a *moeda*, os *portádegos*, os *foros*... E que todos traian ferramentas e os carros cos seus bois xunguidos. Cómpre facer algunhas obras no castelo e hai que traballar de firme. Que veñan tamén fornecidos de pan, viño, centeo, trigo e castañas para lle ofreceren ao señor, que ten moitos gastos. E que non teña que repetir de novo a orde!

(O ALCALDE sae da escena).

VOCES DOS LABREGOS.- Estamos perdidíños!

- Esta é a nosa acabación!
- Non podemos con máis trabucos!
- Os señores non se fartan nunca!
- Rouban as nosas cabanas!
- Esforcian as nosas fillas, as nosas mulleres, as nosas irmás e nós nada podemos valerlles!
- Caen sobre nós como o pedrazo!
- Veñen sobre nós como bandadas de corvos e de voitres!

- Maltratánnos como bestas!
- Incendian as nosas sementeirás!
- Queiman as nosas cabanas!
- Rouban as nosas colleitas!
- ¡Derruban as nosas árbores!
- Cazan os nosos animais!
- Mais nos valera morrer!
- Mais nos valera non ter nacido!
- Ninguén ten dó de nós!
- Ninguén nos acode nas nosas coitas!
- Ninguén nos axuda na nosa miseria!
- Ninguén nos ampara na nosa probeza!

Un fato de PECHEIROS e PEÓNS armados carga contra os labregos, que foxen en desbandada, con estas voces:

- Fóra, viláns!
- Largo de aquí, cans sarnosos!
- Deixádevos de laios e ide traballar!
- Folgazáns!
- Famentos!
- Choróns!
- Fillos de mala nai!
- Caste ruín!
- Fillos dunha loba!
- Piollosos!
- Alborotadores!
- Pendencieiros!

VOZ EN OFF.- Ano de 1431.- A insufríbel tiranía de *Nuno Freire de Andrade*, chamado por alcume O Mao, III señor de Andrade, foi a faísca que fixo erguer o pobo chan contra a tiranía.

Mandaba o exército dos *Irmandiños* un coruñés chamado *Roi Xordo* que, ao dicir das crónicas, era un "capitán sagaz, prudente e valente". As hostes irmandiñas estaban formadas por labregos, postos en pé de guerra, vasalos de *Andrade o Mao*. A sulevación triunfou axiña, principalmente nas terras de Pontedeume e Betanzos, soleiras da Casa de Andrade. Seguindo o exemplo dos burgueses que habitaban nas cidades, *Os Irmandiños* soamente atacaron as casas dos señores feudais e respectaron os xustizas e mais as rendas do rei. Derrubaron todo canto atoparon ao seu paso e todo o que lles opuxo resistencia: casas de cabaleiros e de fidalgos, palacios, fortalezas e castelos. A nobreza andaba fuxida e agachada onde podía. Entre os palacios queimados achábase o de *Nuno Freire de Andrade o Mao* na cidade de Betanzos. Despois de ter trunfado nas Mariñas, *Os Irmandiños* comezaran a marcha cara a Santiago de Compostela. Semella que neste intre houbo desacordos entre *Os Irmandiños* ao quererem arranxar cuestións económicas e políticas dun xeito precipitado. *Roi Xordo* non puido evitar estas loitas internas e, nas ringleiras populares, comezou a medrar o desorde e a indisciplina.

Segundo as crónicas da época, *Os Irmandiños* "estaban tolos"; tratábase de "xente miuda", "xente tola" e de "irmandade fusquenlla".

Ao remate *Nuno Freire de Andrade* e outros cabaleiros e señores pediron axuda a García de Hoyos, corrixidor Real en Galiza e aos prelados do país. Todos xuntos lograron vencer *Os Irmandiños* en pouco tempo.

A represión que seguiu ao triunfo das tropas feudais, reais e episcopais foi arrepiante. Moitos dos irmandiños foron enforcados nas almeas das torres das fortalezas e castelos.

Roi Xordo caeu en poder de *Nuno Freire de Andrade*, que o fixo encerrar nas prisións do seu castelo de Pontedeume. A crónica da época di que *Roi Xordo* morreu de morte natural aquel mesmo ano de 1431.

ELEXÍA POR ROI XORDO

Roi Xordo, pai, amigo e capitán;
luz que alendeu a nosa aurora;
estrela que alumou o noso chan;
viño roxo e espada vingadora.

Nas túas palabras nacían alboradas
e o don marabilloso dos cantares.
Sabías de seituradas e de aradas
e dos máis puros anxeiros populares.

As túas palabras eran ferro irado,
fontenla cristaiña e transparente.
Por eso te seguiu o pobo honrado!
Por eso as túas palabras son semente!

As túas palabras son o noso pan,
as que usamos pra amar e pra falar.
As túas palabras son, ouh capitán,
as que nos dan a forza pra loitar!

Tí fuches a paixón máis tremecente,
o facho que alumaba no escuro,
a palabra que entende toda a xente
e vencella as raigañas co futuro.

Tiñas a forza do mar e do trebón
e, como o mar, cantabas e bruabas.
Tiñas a forza suprema da razón,
ouh, lóstrego que ferías e alumabas!

Es o heroe, o símbolo, o guieiro,
o sangue desta terra desgraciada.
¡Estamos agardando, compañeiro,
que nos chame de novo a túa chamada!

Ouh Roi Xordo: ti eras un dos nosos:
o guía, o conselleiro e o amigo.
Só contigo nós fomos poderosos!
Só contigo, Roi Xordo! ¡Só contigo!

Non foi verdade, non, a morte túa.
Tí segues no exército irmandiño,
que non pode morrer a *verdá* núa!
¡que non se pode matar noso *destiño*!

Es a espranza, o lume e a ledicia,
a fe, o porvir, a vida e a bandeira.
Es a esencia eterna de Galiza,
única patria posible e verdadeira!

*1432. Xuntanza do Concello de Ferrol. Pedro Padrón,
Procurador do Concello, home do pobo, informa.*

CORRIXIDOR.- E que...?

PEDRO PADRÓN.- Ruíns noticias. Non poden ser peores.

CORREXEDOR.- Conta. Non deixes nada de dicir.

PEDRO PADRÓN.- El-Rei negouse a recibírnos. E tamén don Álvaro de Luna. Ningún dos dous quixo escoitar.

UN CONCELLEIRO.- É inaudito!

UN CONCELLEIRO.- Non hai xustiza!

UN CONCELLEIRO.- Non podemos aguantar máis!

UN CONCELLEIRO.- Que é o que ten El-Rei en contra de nós?

UN CONCELLEIRO.- É que non somos bos vasalos?

UN CONCELLEIRO.- É que non pagamos os trabucos e non acudimos ás demandas reais?

CORRIXIDOR.- Calma, calma, meus amigos! Non perdamos a cabeza! Non embarullemos as cousas! Que o noso Procurador Pedro Padrón nos conte o que ocorreu en Zamora.

PEDRO PADRÓN.- Intentei falar con El-Rei don Xoán II nada máis chegar a Zamora, sen perder tempo. Non me quixo recibir. Dixo sinxelamente que non me recibía. Despois quixen falar co seu ministro e privado don Álvaro de Luna, que din que é quen goberna. Tampouco me quixo recibir. De nada valeron as miñas insistencias. Non fun escoitado. Entón eu, rodeado de gran número de xente, requirín o notario real don Álvaro Alfonso e chanteime de novo diante da residencia real. En Zamora nunca tal cousa se ollara.

CORREXEDOR.- Ben feito!

PEDRO PADRÓN.- Aquí traio a acta que labrou o notario real e que poño a disposición deste Concello.

(Entrégalle a acta ao Corrixidor.)

CONCELLEIRO.- Siga, siga...

PEDRO PADRÓN.- Nesa acta faise constar que Ferrol é unha vila de reguengo e que non quere, de ningún xeito, pertencer á Casa de Andrade, a quen lla entregou El-Rei recentemente. Tamén consta na acta que o Concello de Ferrol me nomeou a min por seu Procurador para prestar homeanxe e acatamento a El-Rei e que "me querellaba dos moitos males e danos e subornos, despeitamentos, senrazóns, mortes de homes, encadeamentos e despoboamentos da dita vila (de Ferrol) feitos por Nuno Freire de Andrade e do seu fillo Pero e dos seus escudeiros e homes, que recibimos e temos recibido deica hoxe..." Puxen de manifesto algunhas fazañas feitas polos Andrade, especialmente polo "Mao". O pai de Andrade o "Mao" tivo un preito co cóengo compostelán don Xoán López Vilouzás, ao que lle dixo o vello Andrade: "OU RETIRA O PREITO OU CHAMO O MEU FILLO NUNO FREIRE QUE LLE METERÁ DÚAS LANZAS NA BARRIGA". O cóengo, diante de tales razóns, retirou o preito.

Tamén fixen constar na acta notarial que se El-Rei confirmaba a ANDRADE O MAO no seu señorío sobre Ferrol, "non corra tempo ao seu dereito por non poder o presente acadar cumprimento de xustiza".

Feitas estas dilixencias volteime para Ferrol para darvos contas da miña procuradoría.

CORRIXIDOR.- Obraches como home de ben e de razón!

UN CONCELLEIRO.- Pedro Padrón non puido facer máis!

UN CONCELLEIRO.- A xustiza é algo ao que temos dereito!

UN CONCELLEIRO.- El-Rei, contra toda razón, non nos escoitou!

UN CONCELLEIRO.- A Casa de Andrade é mal inimigo!

CORRIXIDOR.- Temos a nosa dignidade de homes. Eu prométovos que, polas boas ou polas malas, hase de cumprir a xustiza. É preferíbel morrer que soportar esta vida de tiranía, que non vale a pena ser vivida. Antes de nos deixar poñer para sempre o xugo da Casa de Andrade teñen que vencernos.

UN CONCELLEIRO.- Hai que se xuntar cos IRMANDIÑOS!

UN CONCELLEIRO.- Hai que armar as camadas populares!

UN CONCELLEIRO.- Cómpre que a xente estea alertada para que se poida defender!

CORRIXIDOR.- É preciso non precipitarse e cavilar ben as cousas. O máis importante de todo é que o pobo está con nós. Hai que ter cautela e prepararse. Non podemos expoñernos a sermos vencidos e derrotados como pasou cos irmandiños de Roi Xordo. Desta vez hai que ter máis tento!

Cuarto de xustiza dun castelo. Pode ser o de calquera señor galego da época: Conde de Lemos, Soutomaior, Andrade...

XUÍZ.- O seguinte.

RELATOR.- Pedro Paxariño... *(O acusado comparece entre dous gardas)*. Labrego, casado, con tres fillos. Foreiro do lugar de Forxán. Hai dous anos que non paga as rendas nin os trabucos. Resistiu a comparecer diante da xustiza do señor cando foi requirido.

XUÍZ.- Son certos eses cargos?

PEDRO PAXARIÑO.- É que me ardeu a meda cando tiña toda a colleita na eira.

Tiven a muller doente. As cousas fóronme mal.

XUÍZ *(medita unha miguña)*.- Sentenciado a recibir cincocentos paus. Tes quince días para pagares as rendas e os trabucos atrasados e para deixares libres, a disposición do señor, os eidos que levas aforados. Xa o sabes!

PEDRO PAXARIÑO.- Teña piedade de min, señor! Teña piedade de min, que son un pobre!

(Os gardas retirano de arrastro. Pedro Paxariño protesta e resístese até que o levan da escena. Seguidamente os gardas traen outro acusado.)

XUÍZ.- De que se acusa a este? *(Ao acusado)* Di o teu nome.

PAIO PÉREZ.- Chámome Paio Pérez.

XUÍZ.- Que idade tes?

PAIO PÉREZ.- Corenta e oito anos.

XUÍZ.- Cal é a túa profesión?

PAIO PÉREZ.- Son labrego!

XUÍZ.- Estado civil?

PAIO PÉREZ.- Casado.

XUÍZ.- Que é o que fixeches?

RELATOR.- Este Paio Pérez é vasalo do señor como todos os seus devanceiros. E non cumprindo o xuramento de homenaxe e fidelidade prestado ao seu señor natural,

o outro día que o señor mandou pola filla deste mal vasalo, chamada Bríxida, para que entrase a servir no castelo, resulta que non apareceu nin el nin a filla.

XUÍZ.- É certa esa acusación?

PAIO PÉREZ.- As doncelas que entran no castelo non son para servizo da señora, que son para uso e servizo do señor. Así que o señor usa delas entregállelas aos peóns, os besteiros e os arqueiros. Despois devólvenas para as casas dos seus pais.

XUÍZ.- Abonda! É que non sabes que o señor ten dereito de vida e morte sobre todos vós? Non sabes que lle prestaches xuramento de fidelidade e homenaxe ao señor e tes que servilo en todo o que sexa cegamente?

(Cavila un intre.)

Condénote a recibires trescentos paus e a pagares vinte soldos por non cumprir o xuramento. Pasado mañá estás aquí coa túa filla. Pola contra mándote enforcar!

PAIO PÉREZ.- Non hai dereito! O xuramento de homenaxe e fidelidade é unha cousa! O que exixen de min e da miña filla nada ten que ver con xuramento de homenaxe e de fidelidade!

(Os gardas lévano da escena.)

XUÍZ *(ao Relator)*.- Cantos paus lle mandei levar a ese?

RELATOR *(ollando para os seus papeis)*.- Trescentos.

XUÍZ.- Que sexan seiscentos! Atizádelle seiscentos paus!

(Os gardas traen outro acusado.)

XUÍZ *(ao RELATOR)*.- De que se acusa desta vez a este inocente paxariño?

RELATOR.- É o noso vello coñecido Mingos Catoira, raspiñeiro e vagamundo.

XUÍZ.- En que o pillaron desta vez?

RELATOR.- Andaba a cazar coellos no couto do señor.

XUÍZ.- Hai que rematar con tanto desmán! Este fulano estanos dando moito traballo.

(ao RELATOR). Que tal se o mando enforcar? Que lle parece?

RELATOR.- Ben! A min paréceme moi ben!

XUÍZ.- Que o enforquen mañá ao mencer!

MINGOS CATOIRA.- A forza non! A forza non! Teña piedade! Non voltarei roubar! Mudarei de vida e de costumes! Xúrolo que mudarei de vida! A forza non!

(Os gardas levan a Mingos Catoira de arrastro e aparecen deseguida con outro acusado)

XUÍZ *(aos GARDAS)*.- Por hoxe suspendo as audiencias. A ese xulgarémolo mañá. Voltade con el para a cadea.

GARDAS.- Á orde! *(Voltáanse co acusado.)*

XUÍZ.- Esta xente non aprende nunca. Semella mentira! Non se pode ter piedade porque os viláns se soerguen moi axiña.

RELATOR.- Vostede é un xuíz moi xusto e xusticeiro e máis ben misericordioso.

XUÍZ.- O meu oficio non é moi agradábel. Recoñezo que o meu corazón se inclina máis da banda da clemencia que da do rigor.

RELATOR.- Si, señor, si. *(Con sorna)*. O que pasa é que contemplando a súa cara non se lle nota moito. E perdoe o atrevemento.

XUÍZ.- Perdoado. Ou hai confianza ou non a hai. A dignidade do meu mester require unha face grave aínda que o meu ánimo sexa ledó e liberal. O xurisperito ha de ter sempre o semblante grave. Foi o que me aprendeu o meu mestre de Xurisprudencia Frei Teobaldo de Moreira, en San Martiño Pinario de Santiago de Compostela. Días aqueles! A miña preferencia era o Canónico. Incluso tiña cavilado en profesar. A morte do meu irmán obrigoume a deixar os estudos e facerme cargo do meu morgado. Logo o meu señor e curmán, do que son vasalo, tivo a ben nomearme xuíz dos seus estados, coutos, regalías, vilas, aldeas e lugares. E aquí estou, cumprindo coa miña obriga.

RELATOR.- De ter profesado, hoxe a Súa Señoría podía ser abade.

XUÍZ.- Quizais, quizais.

RELATOR.- Nestes tempos revoltados nin nos conventos se está seguro.

XUÍZ.- Eu teño a conciencia ben acougada e nada teño que temer!

RELATOR.- Non, por certo!

XUÍZ.- Se non houbese xuíces e homes de leis con temor de Deus que velasen pola orde establecida todo sería unha anarquía e non se podería vivir, ademais de perigrar a salvación de moitas almas.

RELATOR.- A Súa Señoría está no certo.

XUÍZ.- Deus non nos fixo a todos o mesmo. É vontade de Deus que uns manden e outros obedezan.

RELATOR.- Sabias, fondas e cristiás reflexións son esas!

XUÍZ.- As forzas do inferno andan soltas polo mundo, derrubando a orde natural e harmonía imposta por Deus. O ben sempre triunfará, axudado pola xustiza. Esa misión débemola cumprir as xentes de orde. A nosa obriga non é outra que castigar e punir os que prevarican, aínda que nos doa e nos cause mágoa. Cumprir co deber con rectitude non é nada doado.

RELATOR.- Non, señoría. Certamente que non é nada doado. Ten moita razón en dicir que a desorde é unha invención do inferno. Non sei que lle acontece á xente.

Nunca está conforme con nada!

XUÍZ.- Son as forzas infernais e satánicas, señor Relator! Son as forzas infernais que andan soltas polo mundo! A vida é soamente unha loita entre o ben e o mal. E nós, señor Relator, estamos loitando polo ben!

Xuntanza d'OS IRMANDIÑOS. Pode ser en Santiago de Compostela ou en Melide. Deliberan con apouso, serenidade e gravidade.

DIEGO DE LEMOS.- A situación é moi grave. Eu diría que gravísima. Os señores obríganos a entrar en guerra. Trátase xa dunha cuestión de supervivencia. Está moi claro que non queren entregar os castelos e fortalezas ao pobo. Do requirimento que OS IRMANDIÑOS lles fixemos pra que nos entregasen polas boas os castelos e fortalezas pouco proveito tiramos. Soamente Sánchez de Ulloa nos entregou e puxo á nosa disposición o castelo de Xuventos, non lonxe de Melide.

PEDRO OSORIO.- A guerra é inevitábel. En todo o país hai un odio que está xa no ar que se respira. Isto, dun xeito ou doutro, ten que rebentar.

ALONSO DE LANZÓS.- Como dixeron moi ben os irmáns Diego de Lemos e Pedro Osorio non se pode aguantar máis. Hai que comezar a loita armada o máis axiña posíbel. Temos que ser nós os que tomemos a dianteira e procurar que o primeiro golpe sexa mortal e que non poidan repoñerse del. E logo rematalos. Podemos poñer en pé de guerra oitenta mil homes!

UN DEPUTADO.- Falou ben o irmán Alonso de Lanzós. A cidade de Betanzos vota pola guerra.

DIEGO DE LEMOS.- Coido que debíamos atacar conxuntamente en toda Galiza.

UN DEPUTADO.- A cidade da Coruña concorda co que dixo o irmán Diego de Lemos.

PEDRO OSORIO.- Convén ter un mando único.

UN DEPUTADO.- A cidade de Santiago de Compostela concorda co que remata de expoñer o irmán Pedro Osorio.

UN DEPUTADO.- A cidade de Ribadavia coida que o mando do noso exército popular ten que ser conxunto, non único. O mando único vai en contra das constitucións irmandiñas.

VARIOS DEPUTADOS.- Iso mesmo opina a cidade de Mondoñedo.

-E Noia.

-E Lugo.

-E Monforte.

-E Verín.

-E Melide.

-E Ferrol.

-E Pontedeume.

-E Muros.

-E Rianxo.

-E Laxe.

-E Ourense.

-E Viana.

-E Tui.

-E Vilalba.

-E Viveiro.

-E Ortigueira.

DIEGO DE LEMOS.- Estamos de acordo. Agora cómpre saber, quen vai mandar os nosos exércitos?

VOCES DE DEPUTADOS.- O irmán Alonso de Lanzós.

-O irmán Diego de Lemos.

-O irmán Pedro Osorio.
-Osorio
-Lanzós.
-Lemos.
-Lanzós.
-Lanzós.
-Osorio.
-Lanzós.
-Lemos.
-Osorio.
-Lanzós.
-Osorio.
-Lemos.
-Lanzós.
-Lanzós.
-Osorio.
-Lemos.
-Lanzós.
-Lanzós.
-Osorio.
-Lemos.
-Lanzós.
-Lanzós.

ALONSO DE LANZÓS.- Está claro, irmáns. Agora hai que estudar a estratexia a seguir. Coido que cada un debe operar na terra que mellor coñece. Así, o irmán Pedro Osorio atacará o Arcebispo de Compostela, a Rocha Forte, Padrón, Pontevedra, os Sarmentos e Tui. O irmán Diego de Lemos atacará as terras de Lugo, Sarria, os estados do Conde de Lemos en Monforte e seguirá deica o Bierzo. Eu encargareime da Casa de Andrade, de Vilalba e de Mondoñedo.

VOCES DE DEPUTADOS.- Apróbase o plan.

-Aprobado
-Aprobado
-Aprobado
-Aprobado
-Aprobado

DEPUTADO POR COMPOSTELA.- Falta, ao meu ver, algo moi importante.

OUTRO DEPUTADO.- Que cousa é?

DEPUTADO POR COMPOSTELA.- Un especialista en derrubar castelos e fortalezas. A cidade de Santiago de Compostela pode fornecer ese home. Trátase do mestre de obras da Catedral, chamado Gonzalo, máis coñecido polo alcume de "O Bispo".

ALONSO DE LANZÓS.- Son contrario ao parecer de derrubar as fortalezas e castelos, polo menos de momento e mentres non teña triunfado a nosa revolución. Non digo que non se derruben algunhas como a de Pontedeume, a Rocha Forte, quizais a de Monforte. As outras cómpre conservalas para defendérmonos nós e facernos fortes nelas, se o caso chega.

VOCES DOS DEPUTADOS.- Abaixo os castelos!

-Derrubemos as fortalezas!
-Que non quede unha en pé!
-O pobo non precisa castelos!
-Os castelos son o símbolo da nosa opresión!
-O pobo precisa pan!
-O pobo quere xustiza!
-O pobo quere rematar cos seus tiranos e opresores!

- Abaixo as fortalezas!
- Morrán os señores!
- Vivan OS IRMANDIÑOS!

ALONSO DE LANZÓS.- Coido que estades nun erro.

DEPUTADO POR SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Xa se vos mandará a Gonzalo o Bispo, que é dos nosos e de toda confianza. El e os seus pedreiros saben facer voar as grosas pedras dos castelos e fortalezas como por arte de maxia ou de encantamento. Eu ollei como traballaban na Catedral. É cousa de pasmo.

VOZ DUN DEPUTADO.- DEUS FRATESQUE GALECIAE!

TODOS (postos de pé).- DEUS FRATESQUE GALECIAE!

VOZ EN OFF.- A guerra acendeu toda a terra galega nunha inmensa labarada. OS IRMANDIÑOS foron os donos de Galiza desde o ano 1467 deica ao 1469 e estableceron tribunais populares. Os nobres fuxiron: o CONDE DE LEMOS defendeuse no seu castelo de Ponferrada. O seu xenro PEDRO PARDO DE CELA fuxiu a Asturias. O ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA e PEDRO ALVAREZ DE SOTOMAIOR -o famoso PEDRO MADRUGA- pasaron a Portugal. Algunhas das fortalezas e castelos que derrubaron OS IRMANDINOS foron:

Do Arcebispado de Compostela:

Torre Nova, do pazo episcopal; Torre da Praza na mesma Compostela e as torres de Pontevedra, Padrón, Muros, Caldas de Reis, Outes, Xallas, Tapal de Noia, Torres do Oeste. E os castelos de Lobeira, Montes, Barreira, Rodeiro, Rocha Forte e Rocha Branca.

Do Conde de Lemos:

Castro Caldelas, Monforte, Castro de Rei, Sarria, Outeiro de Rei, Pena Ramiro, Balboa, Serracín, Chantada e Grabullo.

Da Casa de Andrade:

Andrade, Moeche, Ambroa, Caamouco, Motrín, Vilalba, Porras, Cillobre, Merín e Tamago.

Da Casa de Altamira:

Morgade, Altamira, Mens, Vimianzo, Broño, Ferreira, Cira.

Da Casa de Ulloa:

Abeancos, Xuencos, Aranga, Orellón, Vilaboa e Benquerenza.

De Pardo de Cela:

Cendesmil, Carballido e Castro Mocho coa Frouxeira.

Da Casa de Soutomaior:

Fornelos, Tenorio e Soutomaior.

Do Conde de Ribadavia:

Arcos, Torre da Peroxa, Celme, Cabodoso, Rouco e Vilamarín.

Outros castelos e fortalezas que caeron diante do empuxe d'OS IRMANDIÑOS foron: Lantaño, Rianxo, Castro de Gandar, Guitiriz, San Martiño, Gondar, Mira, Portomarín, Galdrome, Santa Ouxea, Seixo, Grovas, Lema, Parada, Sobroso, Santo Estevo de Xunqueiras, Xunqueiras, Pobra de Parga, Cercedo, Gundián, Bolaño, castelo da cidade de Lugo, Pobra de Deán, Moreda, Figueiroa, Andeiro, San Paio, Meiró, Vila Mourel, Cadelo, Bande, etc...

Toda Galiza estaba, pois, no poder d'OS IRMANDIÑOS. Os señores que tiñan fuxido estaban agachados nos mosteiros, nas igrexas ou nas casas dalgúns labregos que, como escribiu un cronista da época: "xenerosos, dábanlles de comer e protexíanos".

GLORIA E TRIUNFO DOS IRMANDIÑOS

Galiza é unha grande labarada
de acendida carraxe xusticeira.
A xente, ferida e aldraxada,
é outa mar irada, onda guerreira.

Ao seu empuxe caeron os castelos,
foron donos da terra os labradores.
Galiza, sen valados nin cancelos,
viuse libre de donos e opresores.

Os amos fuxiron pra outra terra,
colleron o camiño do desterro.
Toda Galiza posta en pé de guerra
era como un volcán de lume e ferro.

As fortalezas caeron sen un ai
ao empuxe da carraxe comunal!
As fortalezas caeron como cai
baixo o fío da serra o piñeiral!

As odiadas coveiras dos feudais
foron purificadas polo lume.
As vellas fortalezas medievais
eran breves montós de cinza e fume!

Galiza ollouse ceibe dos Andrade,
dos Lemos, Moscosos e Sarmientos.
O pobo logrou vencer a ruindade,
acadou conxurar os malos ventos!

E un rumor popular de muiñeiras
percorreu esta terra xenerosa.
O pobo fixo novas sementeiras
e xunto ao trigo floreceu a rosa.

O pobo sacudiu os vellos xugos
e puido así acadar a súa vitoria.
Ao sentirse xa ceibe de verdugos
comezou a facer a propia historia.

O exército popular dos IRMANDIÑOS
trougo espranzas de luz e redención.
Eran floress as pedras dos camiños
e o rumor popular era canción...!

Ouh, capitás valentes e esforzados.
Homes destemidos, xenerosos, bos.
Os tempos anunciados son chegados:
Diego de Lemos, Osorio e máis Lanzós!

Xuntanza dos señores galegos na cidade portuguesa de Monção.

Son: O ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, D. ALONSO DE FONSECA; O CONDE DE LEMOS; o seu xenro PEDRO PARDO DE CELA; PEDRO ÁLVAREZ DE SOUTOMAIOR, chamado PEDRO MADRUGA e FERNÁN DE ANDRADE:

ARCEBISPO.- Meus amadísimos fillos: Semella que Noso Señor se ten apiadado de nós e que temos posibilidades de recuperar as nosas terras que tan inxustamente temos perdido e contra todo dereito divino e humano. Deus aperta mais nunca afoga. A ver se saímos purificados aos ollos de Deus desta arrepiante proba que Noso Señor, quizais polos nosos moitos pecados, nos quixo someter.

CONDE DE LEMOS.- Eu resistín ben en Ponferrada! Alí non me puideron entrar!

PARDO DE CELA.- Non coido eu tarefa tan doada o reconquistar as nosas terras, cousa que non se fará con pregos como semellaba indicar o señor Arcebispo. Os fusquenllos teñen un exército de noventa mil homes. A ver de onde sacamos nós un exército que se lle poida comparar. A axuda que nos ten prometida don Xoán Pimentel, conde de Benavente, e outros señores casteláns é moi importante, mais non abonda.

FERNÁN DE ANDRADE.- Non podemos estar así, de brazos caídos. O odio aos fusquenllos tennos de a cabalo, pese aos nosos moitos anos, ao meu curmán o Conde de Lemos e máis a min. Non morrerei acougado deica que non olle esa xente miúda e tola axeonllada aos meus pés como nos vellos tempos.

CONDE DE LEMOS.- Falou ben e con razón o meu curmán Fernán de Andrade.

Mais nós, para organizarmos un exército como é debido e que sexa eficaz, precisamos moito diñeiro. Diñeiro que non sabemos de onde nos vai vir.

ARCEBISPO.- Hai que confiar en Deus e na súa Divina Providencia. Os camiños do Noso Señor son sorprendentes e escusados!

PEDRO MADRUGA.- Haberá que acudir a el-rei de Castela.

CONDE DE LEMOS.- El-Rei non pode facer moito por nós e só nos dará promesas e boas palabras. Xa estou desenganado.

FERNÁN DE ANDRADE.- El-Rei, nestes intres, está cheo de problemas e dificultades.

PARDO DE CELA.- Non podemos contar con El-Rei. O seu poder é moi feble e moi escasa a súa autoridade.

CONDE DE LEMOS.- Se o señor Arcebispo fixese pertinentes xestións co Cardeal de Toledo e con outros bispos, priores e abades...

ARCEBISPO.- A Igrexa, meus amadísimos fillos, soamente é rica en ben espirituais que tocan a nosa eterna salvación. Os seus haberes son sagrados e están, como sabedes moi ben, a disposición dos pobres aos que, en conciencia, non podemos privar dos bens de caridade cristiá.

FERNÁN DE ANDRADE.- Historias cheas de vella retórica!

CONDE DE LEMOS.- A outros con eses contos! Nós ben nos coñecemos!

ARCEBISPO.- A realidade é, ademais da que expuxen, que ningún membro da Santa Nai Igrexa pode expoñer diñeiro nunha causa tan dubidosa como é esta na que nos imos aventurar.

PEDRO MADRUGA.- A Súa Eminencia pódese ir despedindo da súa cadeira metropolitana de Santiago de Compostela como non mude de disposición.

ARCEBISPO. Eu confío en Deus e nas armas dos cabaleiros cristiáns aquí presentes, fillos amantísimos da Santa Nai Igrexa. E tamén confío nas armas das miñas mesnadas.

PEDRO MADRUGA.- Concretando, que é o que podemos facer?

CONDE DE LEMOS.- Resistir e agardar mellores tempos!

FERNAN DE ANDRADE.- Eu son da mesma opinión. Mais algo había que facer!

ARCEBISPO.- Ademais das miñas mesnadas eu teño outra arma moi poderosa: a excomuñón!

PEDRO MADRUGA.- Coido que a excomuñón non nos servirá de moito. Canto máis tempo perdamos en peores condición estaremos porque o tempo traballa en contra de nós. A situación dos fusquenllos irase consolidando e a nosa economía non vai mellorar, senón que irá empeorando. Falei con el-rei de Portugal, o meu señor Afonso V, ao que chaman "O Africano", e prometeume a súa axuda. Como sabedes, a miña dona Tereixa de Távora é portuguesa. Coa axuda de el-rei de Portugal e comprometendo os bens da miña muller para recrutar mercenarios e formar un exército, se vós arrimades o lombo, a cousa pode marchar.

CONDE DE LEMOS.- Para min Pedro Madruga ten toda a razón!

PARDO DE CELA.- Coas xentes de meu sogro que están en Ponferrada...

ARCEBISPO. Algúns bispos casteláns poden mandar parte das súas mesnadas.

Trátase dunha guerra xusta de servizo ao ben da Cristiandade, pois hai que conquistar de novo o santo sepulcro do apóstolo Santiago.

FERNÁN DE ANDRADE.- Hai que estudar a axuda que prometeu o Conde de Benavente, que ten grandes intereses en Galiza, e a doutros nobres casteláns e recrutar axiña mercenarios en León e en Castela.

PEDRO MADRUGA.- Hai dúas cousas moi importantess que poden facer que os fusquenllos perdan esta guerra. Dúas armas decisivas.

FERNÁN DE ANDRADE.- Que armas son esas?

PEDRO MADRUGA.- Un invento recente que se chama arma de fogo e que funciona con pólvora. Eu teño arcabuces e culebrinas. Son armas dun poder incríbel, unha cousa nunca vista. Ademais, os fusquenllos derrubaron as fortalezas e castelos e non teñen onde facerse fortes.

ARCEBISPO.- Son, certamente, dúas razóns de moitísimo peso. Eu, aínda que home de Igrexa, algo teño escoitado dese invento da pólvora e do seu poder arrepiante.

PEDRO MADRUGA.- É algo que non se cre. Fai máis un arcabuz que trinta ou corenta arqueiros. Non exaxero nada.

CONDE DE LEMOS.- Eu desconfío desas armas deica que non estean ben probadas.

PARDO DE CELA.- Estean probadas ou non, se son eficaces, hai que usalas.

FERNÁN DE ANDRADE.- Eu, aos meus anos, desconfío de todas as innovacións. Se esas armas matan, e matan ben, hai que empregalas sen máis.

ARCEBISPO.- Hai opinión de que esas armas de fogo son invención do mesmo Satanás.

PEDRO MADRUGA.- Iso agora no nos importa. Son discusións para teólogos. O realmente importante é conquistar de novo as nosas terras.

CONDE DE LEMOS.- Niso estamos todos. E para iso viñemos aquí.

PEDRO MADRUGA.- O meu plan é como segue: coas miñas tropas atravesarei o Miño desde Portugal. Logo atacarei Tui e Pontevedra para caer sobre Santiago de Compostela. O Conde de Lemos e Pardo de Cela que ataquen polo Leste e, por terras luguesas, que lle abran o camiño a Fernán de Andrade para que poida chegar aos seus

estados. Chamade os señores galegos que andan por Castela como Gómez das Mariñas, Sánchez de Ulloa, Lope Sánchez de Moscoso e outros. Se nos xunguimos a empresa non vai ser difícil. Hai que atacar por distintas frentes á vez para vencermos os fusquenllos, que como sabedes moi ben, son tres: Diego de Lemos, señor de Sober, que é meu cuñado, co que eu falarei cando lle bote os ollos enriba. Eu atacarei as tropas de Pedro Osorio, que é fillo do Conde de Trastámara e que penso que non está de corazón cos fusquenllos. Fernán de Andrade que se encargue de Alonso de Lanzós. FERNÁN DE ANDRADE.- Abofellas que teño desexos de botarlle a man enriba a ese fidalguiño de Louriñá.

CONDE DE LEMOS.- O plan de Pedro Madruga é perfecto. O malo é se fallan as armas de fogo.

PARDO DE CELA.- Eu estou conforme en todo con Pedro Madruga.

ARCEBISPO.- Non se fale máis; contade coa miña axuda, material e espiritual. Agora, co corazón contricto, e esquecendo vellas liortas que nos tiveron arredados, recibide a miña benzón para saírmos con ben desta empresa.

(Os SEÑORES axoéllanse e o ARCEBISPO fai o sinal da cruz sobre as súas testas mentres di:)

No nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo, a benzón de Deus Omnipotente caia sobre vós e nos axude na santa tarefa que imos acometer en servizo do Noso Señor e en ben da Cristiandade.- ¡Amén!

Coro de LABREGOS desesperados, famentos, cansos e vencidos.

Poden estar en ringleira ocupando toda a escena. Cada un deles adiántase para dicir a súa frase e logo volta ao seu lugar.

Convén que esta escena non semelle un pranto. É preciso crear no espectador unha sensación de vida e dor.

- O Conde de Lemos cando comezou a facernos reedificar o castelo de Sarria, cun fungueiro na mau, berrábanos aos seus vasalos: "DURO, VILÁNS, VÓS DESFIXÉSTELAS E VÓS HABÉDELAS DE VOLTAR FACER! QUE MAL VOS FACÍAN AS MIÑAS FORTALEZAS...?"
- Pardo de Cela díxolle ao seu sogro, o Conde de Lemos, ao pasar por unha carballeira perto de Monforte: "BOS CARBALLOS PARA ENFORCAR VASALOS"! O vello Conde retrucoulle: "SI, QUE DESPOIS OS CARBALLOS HAN DE TRABALLAR PARA MIN".
- Este é o noso remate!
- Pouco durou a nosa ledicia!
- Xa non queda nada dos *Irmandiños*!
- Que foi dos nosos capitáns?
- Agora somos nós os que temos que erguer de novo os castelos e fortalezas!
- Foron as armas de fogo as que nos venceron!
- As armas de fogo son un invento do Demo!
- O Demo foi quen lle deu as armas a Pedro Madruga. Xa unha tía del tivo tratos co Perello!
- O propio Pedro Madruga é o mesmo Demo en figura de home!
- Eu fuxín da batalla da Almaciga, perto de Santiago de Compostela, que foi onde se perdeu a nosa causa. Despois de vencido o noso exército, Pedro Madruga mandou pasar a coitelo a uns sete mil irmandiños do xeito máis cruel. Non se lembra carnizaría igual!
- Pedro Madruga bota escuma pola boca!
- Cando lle veñen súpetos de carraxe os seus ollos ceiban lume!
- Pedro Madruga non ten entrañas!
- Non precisa de durmir!
- Vive nun cabalo do que non desmonta nunca!
- Pedro Madruga é o Anticristo!
- Pedro Madruga é o Inimigo Malo!
- Que será de nós?
- Cal será a nosa sorte?
- Ai dos vencidos!
- Os señores andan como lobos famentos!
- Os señores portáanse con nós como feras corruptas!
- Hannos facer pagar cara a nosa derrota!
- Han de cobrar en nós a súa fame de vinganza!
- Han de desatar contra nós o seu odio!
- Estamos nas súas mans!
- Estamos á súa mercé!

- Non temos quen nos valla!
- Os señores son cada día máis soberbos e exixentes!
- Máis ruíns!
- Máis brutais!
- Ai de nós!
- Ai de nós!

Sala de audiencia do rei Enrique IV de Castela. O rei dá a impresión de ser un home vello, canso, caduco.

Personaxes da corte ao seu arredor, bispos e clérigos.

Se é posíbel, estarán ben visíbeis os escudos de León e de Castela.

O rei pode estar sentado no trono. Varios personaxes acompañan o rei: nobres, paxes e servidores.

Os personaxes galegos mostrarán unha exaxerada submisión ao rei e aos cortesáns.

GRAN CHANCELER DO REINO (lendo un pergameo).- El-Rei Enrique IV de Castilla et de León, de Asturias, de Galicia, de Murcia et de Sevilla, de Jaén, etc., titular de outras muchas ciudades villas et señoríos, por los muchos et señalados servicios que a su causa fecieron et otrosí por la lealtad a mi Real Persona, principalmente cuando en armas se levantaron e irguieron los villanos et vasallos del Reino de Galicia, formando lo que se llamaron Irmandiños o Irmandinos, faciendo uso de los nuestros poderes reales venimos a nombrar como nombramos a PEDRO ALVAREZ DE SOUTOMAIOR, Conde de Caamiña, título que le otorgó nuestro hermano el rey de Portugal en el cual nos lo confirmarnos, a SANCHO SANCHEZ DE ULLOA nombramos Conde de Monterrei et a LOPE SANCHEZ DE MOSCOSO nombramos Conde de Altamira, siendo en lo sucesivo et por siempre jamás tratados como tales condes et señores, con las honras et privilegios que tales títulos lleven consigo, mandando et ordenando a todas las personas de mi real servicio, alcaldes, justicias et corregidores e cualquier home o mojer destes reinos que por tales sean tenidos et honrados et agasajados et estos títulos pasarán a perpetuidad et por siempre jamás a los sus sucesores et maiorazgos. OTROSI DECIMOS que nombramos nuestros MARISCALES con todos los honores et honras et privilegios a los caballeros et fijosdalgos. PEDRO PARDO DE CELA et SUERO GÓMEZ DE SOUTOMAIOR Et yo, el Rey, los coronó como tales condes a los susodichos caballeros et fijosdalgos et les cingo la espada a los nombrados MARISCALES.

O rei cínxelles a coroa de condes e as espadas de mariscals, que os interesados reciben de xeonllos.

Logo hai un bicamans.

Os personaxes galegos poden dicir algunhas frases de agradecemento e submisión en castrapo, se se considerar oportuno.

Esta escena pódese facer con mímica exaxerada e converterse nunha pequena pantonima, que non se prolongará demasiado.

CANCION DE REMATE E ESPERANZA

A vinganza foi fera, estarrecente!
OS IRMANDIÑOS foron derrotados!
E foron esmagados brutalmente
polas botas ferradas dos soldados!

Era o pobo sinxelo e loitador.
Era o pobo calado e campesiño.
Era o pobo valente e soñador
que quixo gobernar o seu *destiño*.

Era o pobo puro, o pobo chan.
Era o pobo que xa tiña un ideal.
O pobo de sempre, o pobo san.
O pobo traballador e comunal.

O pobo que labouraba día a día
pra erguer, en paz, o seu futuro.
O pobo que cantaba e que sorría
e procuraba luz desde o escuro.

O pobo foi derrotado polo ouro,
por un poder inxusto e *inhumán*.
O pobo gardou como un tesouro
a fe pra edificar o seu mañán!

O pobo foi derrotado non vencido
porque o pobo un dçia ha de vencer.
O seu destino ha de ser cumprido
que despois da noite é o mencer.

O pobo deprendeu o seu vieiro
e sabe, por instinto, como é:
sempre se mostrou rexo e enteiro
defendendo o seu xenio e a súa fe.

Poderase demoucar, non arrincar
a fe nun porvir de venturanza
que os tiranos acaban por pasar
e remata morrendo a súa lembranza!

Os IRMANDIÑOS son e serán pobo.
Son aquilo que o povo quixo ser.
A súa semente xurdirá de novo.
E esa boa semente ha florecer!